

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

do 27 de xuño de 2016

### ACTA Núm. 7/2016

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de xuño do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

#### PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández  
D. José Antonio Uhía Martínez  
D<sup>a</sup> María Inés Monteagudo Romero  
D. José Vázquez Rama  
D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño  
D. José Ángel Hermida Simil  
D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño  
D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais  
D. Enrique Riomayor Caamaño  
D<sup>a</sup> María del Rosario Fernández Piñeiro  
D. Manuel María García Fernández

Non asiste a concelleira do BNG, D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo.

Secretario: D. Luís Alberto Gil García, que dá fe do acto.

#### ORDE DO DÍA

##### A.-.- Parte Dispositiva.

1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (28.04.2016, 26.05.2016 e 30.05.2016).

**2.- CONCESIÓN DA COMPATIBILIDADE DA TRABALLADORA MARÍA FERNÁNDEZ FORMOSO.**

**3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS GAIOLAS DE SALMÓN.**

**4.- MOCIÓN DO BNG SOBRE UN PLAN DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO CASCO HISTÓRICO.**

**5.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN DE MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E PRAIAS.**

**6.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

**B .-Parte de control dos órganos de goberno.**

**7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**

**8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

\*\*\*\*\*

**A.- .- Parte dispositiva.**

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria.

**1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (28.04.2016, 26.05.2016 e 30.05.2016).**

A Sra. alcaldesa pregunta aos grupos se teñen algo que dicir sobre a acta do Pleno ordinario do 28 de abril de 2016, que quedara enriba da mesa. Contestan que non e dá paso á votación.

Votación: Unanimidade.

Acordo: Queda aprobada a acta do Pleno da Corporación correspondente ao 28 de abril de 2016.

Sobre a acta do 26 de maio de 2016, a Sra. Monteagudo fai unha puntualización nunha intervención súa, en rogos e preguntas, onde di: *Que parece que no roce das rúas e dos espazos funciona segundo a demanda da veciñanza que ten Facebook, e que moitos veciños e veciñas entenden que esa canle é a máis apropiada....*” e debería dicir: *“Que parece que no roce das rúas e dos espazos funciona segundo a demanda da veciñanza que ten Facebook, e que moitos veciños e veciñas entenden que esa canle **non é** a máis apropiada....”*

A Sra. alcaldesa toma nota e dá paso á votación.

Votación: unanimidade.

Acordo: Queda aprobada a acta do Pleno da Corporación correspondente ao 26 de maio de 2016.

A Sra. alcaldesa somete á votación a acta correspondente á sesión extraordinaria do 30 de maio de 2016.

Votación: unanimidade.

Acordo: Queda aprobada a acta correspondente á sesión extraordinaria do Pleno da Corporación celebrada o 30 de maio de 2016.

**2.- CONCESIÓN DA COMPATIBILIDADE DA TRABALLADORA MARÍA FERNÁNDEZ FORMOSO.**

A Sra. alcaldesa explica que hai unha traballadora que solicita a compatibilidade para traballar nunha actividade privada nas fins de semana e que non interfere para nada no seu traballo no Concello e que hai un informe favorable de Secretaría e un informe favorable de Intervención. E que o tema foi tratado na Comisión informativa.

Logo de dar paso ás intervencións, a voceira popular non ten nada que comentar.

A voceira socialista manifesta que cren que non foi suficiente a información que se lles deu na Comisión informativa pois na documentación que presenta a traballadora non xustifica que de necesitar o Concello que traballara algunha hora extraordinaria lle vaia dar prioridade ao traballo do Concello. Que tan só o manifestou a alcaldesa pero sen ningún soporte documental, polo que anuncia a abstención do seu grupo.

O voceiro do BNG di que non teñen ningún problema.

A Sra. alcaldesa di que a traballadora insistiu en que a súa prioridade é o traballo no Concello e que de ningunha maneira lle vai afectar. Que está recollido así no informe de Secretaría e que non ven ningún motivo para non conceder esta compatibilidade.

Votación: 4 votos a favor (3 de CxG e 1 do BNG) e 8 abstencións (4 PP e 4 PSdeG-PSOE).

Acordo: O pleno da Corporación, de conformidade co parágrafo 2º do artigo 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, acorda conceder á traballadora do Concello de Muros, D<sup>a</sup> María Fernández Formoso, a compatibilidade para traballar algunha fin de semana na hostalería, sen menoscabo do estrito cumprimento dos deberes que ten como limpadora do Concello, e así mesmo o desempeño do segundo posto de trabado no sector privado, en ningún caso poderá supor modificar as condicións de xornada e horario de traballo neste Concello.

### **3.- MOCIÓN DO BNG SOBRE AS GAIOLAS DE SALMÓN.**

O Sr. García do BNG dá lectura á moción:

*“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a través do seu portavoz municipal Manu García, presenta para o seu debate e a probación se procede, a seguinte*

#### *MOCIÓN*

*Exposición de motivos:*

*A resolución da Consellaría do Mar do 10 de maio de 2013 autorizaba a concesión experimental para a instalación de seis gaiolas de salmón á empresa North West Food S.L., no polígono Muros C. Unha reiterada autorización para seguir cun proxecto de aposta da Consellaría do Mar polo cultivo de salmón atlántico (salmo salar), que xe ten escenificado o seu fracaso por tratarse dunha especie que se encontra no límite sur do seu hábitat, non soportando temperaturas superiores aos 17º C, e que en experiencias anteriores xa tiñan alcanzado elevadas mortandades ao padecer diversas patoloxías relacionadas coa temperatura da auga, problemas parasitarios e microbiolóxicos provocando a inviabilidade do su cultivo, salvo que estea a investigar un salmón adaptado ás condicións ambientais das rías galegas ou un salmón transxénico.*

*Daquela intentaban convencer a opinión pública con promesas tan cándidas como o compromiso de producir 3.000/4.000 toneladas que posibilitaría a oportunidade para xerar traballo prometendo que chegaría aos 109 empregos directos, contratados especialmente nos concellos limítrofes de Muros, Serra de Outes, Noia e Porto do Son.*

*Unha nova aposta, despois de que as anteriores experiencias remataran en fracaso e nun espazo singular, ao lado de Monte Louro, que presenta elevados riscos para a biodiversidade mariña e para o modelo produtivo asentado na ría de Muros de aproveitamento sustentable dos recursos, de forma natural.*

*Esta nova aposta foi rexeitada polo conxunto do sector, debido á ameaza de degradación producida pola cantidade de restos de nutrientes vertidos no sistema acuático procedentes dos pensos que se utilizan para alimentación pero tamén das feces dos propios salmóns. A isto habería que engadirlle a contaminación producida polos tratamentos químicos e o uso de antibióticos. Mais tamén hai que ter en conta que pode ter repercusións nas poboacións salvaxes polo escape de peixes, así como a súa incidencia en especies relevantes como son os arroaces, londras, etc.*

*Por non falar da condicionalidade sobre a pesca litoral que tradicionalmente extrae peixe para consumo humano e que podería, ao igual que acontece nos países de norte de Europa, pasar a pescar para fariña de peixe.*

*Un modelo que impón a UE e que mentres eles aumentan os seus dereitos de pesca para producir fariña de peixe, a flota galega diminúe as súas cotas pescando para comer. Para facerlle seguimento a esta concesión experimental constituíuse unha Comisión de Seguimento na cal están representadas as Confrarías de Muros e Noia e dúas asociacións mexilloeiras da propia ría, sen que ata a data teñamos coñecemento de se se volveron reunir, se se ten feito seguimento e se ten avaliado o resultado desta experiencia.*

*Despois da marcha atrás de Consellaría do Mar, na retirada do anteproxecto da Lei de Acuicultura, e da experiencia negativa pola falta de resultados, pero tamén por terse vendido as instalacións a outra empresa, por non alcanzar os obxectivos fixados e por incumprir cada unha das promesas trasladadas a opinión pública, así como por poñer en risco a biodiversidade do noso medio mariño; no BNG entendemos que é o momento de trazar novos rumbos de futuro e apostar pola pesca artesanal e o modelo vixente de miticultura e marisqueo baseado na calidade da auga e na produción natural das propias rías.*

*Por estas razóns, o grupo municipal do BNG propón ante o Pleno da Corporación a aprobación do seguinte*

*Acordo:*

*“O Concello de Muros insta á Consellería do Mar a proceder a caducidade da concesión experimental das gaiolas de salmón en Muros”*

Na primeira rolda de intervencións a voceira popular, a Sra. Monteagudo, comenta que xa na Comisión informativa solicitaron un informe de Secretaría para ver a oportunidade de debater esta moción sen a presenza do grupo que a presenta. E pregunta se está feito o informe.

A Sra. alcaldesa contesta que non hai ningún informe feito.

Continúa a Sra. Monteagudo coa súa intervención dicindo que a proposta do BNG non vén apoiada por ningún informe técnico nin apoiada polo sector e cren que é lexítimo cuestionar a situación das gaiolas pero que existen organismos (como di na propia moción o BNG) e comisións de seguimento que valoran esas cuestións.

Que eles, como xa teñen demostrado, van estar sempre co sector do mar e que entenden que a proposta do BNG é de carácter político.

A voceira socialista, a Sra. González, di o mesmo que o PP sobre que na Comisión informativa, solicitaron un informe xurídico relativo á falta da defensa da moción na comisión pola ausencia do grupo que as presentou. Que a Sra. alcaldesa decidiu de xeito un pouco arbitrario seguir adiante coas mocións do BNG coa condición de que se levara ao Pleno un informe xurídico para ver se está ben así ou se está chegando a unha resolución nula por defecto de forma. Que o señor secretario lle está entregando ese informe nese momento e que despois de lelo non ten nada que ver co que están preguntando pois non preguntan se se pode incluír na orde do día e aclara que o que querían saber é se se podía levar ao Pleno ou había que retirala da orde do día porque non se defendeu na Comisión informativa. Que a única que ten a capacidade para retirala ou non é a Sra. alcaldesa e como si o trouxo que van entrar na discusión de se están de acordo ou non.

Continúa e di que o PP fala de que é unha moción política e que loxicamente o é. E que fala tamén de que non está apoiada polo sector e ela pensa que se algún conflito tivo apoio do sector no Concello de Muros foi o problema das gaiolas de salmón, que houbo manifestacións e un montón de protestas de todos os veciños e veciñas antes de que se colocaran esas gaiolas na nosa ría.

Que en algunha ocasión o seu grupo xa manifestou que esas gaiolas se colocaron de noite e ás agochadas. Que non saben se era unha cuestión de tipo experimental porque segue adiante (que primeiro colocaron unha e agora hai dúas ou tres) e que se está facendo dunha forma arbitraria.

Que son partidarios de que as cousas hai que falalas e que desde logo o Concello algo ten que dicir en todos os ámbitos do Concello e anuncia o apoio do seu grupo á moción do BNG.

O voceiro do BNG, o Sr. García, explica que tan pronto recibiu a convocatoria das Comisións informativas comunicoulle á Sra. alcaldesa que non podía asistir por cuestións laborais e que a súa compañeira de grupo está de baixa polo que tampouco puido. Que ao non cambiarse a hora das comisións que lle foi imposible asistir. Que máis alá de que se defenderan as mocións, que o Sr. secretario non se opuxo en ningún momento a que se debateran polo que pensa que non haberá problema.

Continúa a súa intervención e di que efectivamente non hai informes, xa que non se emitiu ningún desde esa Comisión de seguimento que formaban as confrarías e as asociacións da ría e que non hai constancia ningunha de que se volverán a reunir e que tamén a empresa aos tres anos, que rematan agora, tiña a obriga de presentar un informe cos resultados obtidos e que non hai constancia tampouco o grupo do BNG do Parlamento de que se teña feito ningún informe. Que de feito a empresa da concesión xa non está pois revendeu a concesión a unha empresa vasca que é a que xestiona actualmente as gaiolas. Que non saben se iso é legal e que o fin para o que se deu a concepción non ten obxecto. Que a empresa que está agora levando a xestión se dedica a especular co peixe. Que ten un lote de naves en Euskadi e o que fai é comprar peixe cando está moi baixo de prezo, conxelalo e cando está o peixe á alza,

vendolo para obter así altos rendementos e que entenden que esa empresa aposta por ese tipo de comercialización e que non é o xeito máis adecuado de explotar os recursos da nosa ría.

Que todo o dito é sen entrar en temas de impacto ecolóxico, medioambiental e incluso paisaxístico.

Na segunda rolda de intervencións a Sra. Monteagudo puntualiza que a autorización que se lle deu a esa empresa e que era ademais de carácter definitivo, que a concedeu o goberno bipartito en agosto de 2008, integrando unha explotación de carácter experimental nun polígono consolidado de mexillón na ría de Arousa, sen informar e sen ter en conta a opinión do sector. Que a Xunta lle dou unha saída porque legalmente tiña que darlla, e que o que fixo foi trasladala a un polígono de cultivo de acuicultura afastado máis dunha milla das bateas e con informes favorables do clúster de acuicultura e da Universidade de Vigo. Que ademais se dou conta ao sector e que supuxo a instalación das gaiolas.

Que actualmente a empresa conta cunha concesión experimental que remata, cre que en febreiro de 2017, e que polo que eles saben que si presenta os informes correspondentes que exercen tamén os seus controis de vixilancia ambiental, con controis sedimentolóxicos, bionómicos e microbiolóxicos das augas así como controis sanitarios dos salmóns, sen que consten efectos prexudiciais para o medio nin para o resto dos cultivos.

Que non teñen constancia dese cambio de titularidade da empresa á que se refire o BNG e insiste en que esta moción ten máis de propaganda política que de interese real polo sector e máis tendo en conta que o propio programa electoral do BNG inclúe a acuicultura multitrófica e pontelización dos cultivos mariños de peixe.

A Sra. Monteagudo dille ao voceiro do BNG que as eleccións xa foron onte.

A Sra. González dá comezo á súa segunda intervención dicindo que lle gustaría escoitar do Sr. secretario se hai algún tipo de problema a que se tome unha resolución neste Pleno con respecto de mocións que non foron defendidas na Comisión informativa polo grupo que as presentou e a Sra. alcaldesa di que logo llo contesta porque ela si o mirou.

En relación ao que dixo a voceira popular, di que a concesión fora aprobada polo bipartito, que ela non o sabe, pero que desde logo, aínda que así fora, que ela como defensora da veciñanza de Muros, que non está de acordo, indiferentemente de quen o aprobara. Que a súa obriga é defender ao Concello de Muros. Que ela recorda que se levaron ao concello un lote de papeis con informes en contra (que non funcionaba, que non era o sitio idóneo, sobre o impacto ambiental...), e que o Partido Socialista muradán que non vai poñer en risco as augas e que ademais non lles gustaron as formas, porque a Xunta, a Consellería do Mar, foi por libre, que nin preguntaron opinión nin pediron un informe sectorial do Concello de Muros. Que só por iso, que ela cre que a veciñanza de Muros non debería de estar de acordo con ese tipo de actitudes. Que pensa que todo debería pasar polo Concello, que é soberano, se a veciñanza está de acordo ou non. E que por iso o Partido Socialista, pese a que fora aprobado polo seu partido, que van votar a favor da veciñanza de Muros e anuncia o voto a favor da moción.

O voceiro do BNG, o Sr. García, en relación ao dito pola voceira popular de que a moción non ten o apoio do sector (aclara a Sra. Monteagudo que o que dixo foi que non consta), que foi presentada á plataforma PLADEMAR, que é a máis representativa e a membros da Confraría de Muros, aínda que non directamente ao patrón maior, e que a resposta de todos e todas é que todo o sector está en contra das gaiolas. Que así o manifestaron cando saíron en manifestación e cando saíron cos barcos, poñendo en risco os seus postos de traballo debido ás represalias por parte do goberno. E que hoxe en día non se manifesten publicamente en contra é porque segue a imperar a política do medo. Que se na moción non figura ningunha resposta tácita do sector e non figura ningún nome que é por medo a represalias porque as houbo e as seguirá habendo.

Continúa dicindo que as eleccións de onte tiveron un claro gañador e dá as súas felicitacións ao grupo popular. Continúa dicindo que houbo un claro gañador que se dedicou a dúas cousas: “y tu más” (que é o que fixo a voceira popular facendo referencia a que o das gaiolas o aprobara o bipartito) e á política do medo “que vienen los rojos”.

Sobre a moción di que si ten o apoio do sector, que é algo tácito e sabido por todos e todas e que entenden que se pode prorrogar polo que eles piden a caducidade para evitar esa prórroga. Que o queren pedir a tempo e que tamén saben que non depende do Concello de Muros que sigan aí ou non, pero que lles parece que debe ter o apoio unánime da corporación porque o ten socialmente.

A Sra. alcaldesa, con respecto ás comisións informativas, explica que cando foron convocadas o voceiro do BNG chamou para dicir que non podían asistir e que lle contestou que era difícil cambialas por cuestións de axenda polo que quedaron en levalas igual á Comisión informativa. E que unha vez consultado co secretario e consultado o ROF, entende que non hai ningún

problema en que se debatan e voten no Pleno, tendo en conta que unha moción pode ser debatida e votada no Pleno sen pasar pola Comisión informativa cando é introducida por urxencia no propio Pleno.

Con respecto á moción, ou ao ditame, que está claro que un experimento non pode durar indefinidamente, que levan varios anos instaladas e cre que é necesario que o Concello e a cidadanía teña información. Que ao igual que o BNG, non encontraron información e solicitárona por escrito á Consellería do Mar xa hai bastantes días e non tiveron resposta. Que lles parece un asunto delicado e perigoso como para non saber nada e que duren indefinidamente cando saben que recollen o rexeite de moitas persoas que se dedican ao mar e que así se ten constatado neste Concello.

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Que se teñen resposta da Consellería que lle pasarán aos grupos unha copia.

Votación: 8 a favor (4 PSdeG-POSE, 3 CxG e 1 BNG) e 4 abstencións do PP.

Acordo:

O Pleno da Corporación acorda aprobar a moción presentada polo BNG sobre as gaiolas de salmón que inclúe o seguinte acordo: *“O Concello de Muros insta á Consellería do Mar a proceder a caducidade da concesión experimental das gaiolas de salmón en Muros”.*

#### **4.- MOCIÓN DO BNG SOBRE UN PLAN DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO CASCO HISTÓRICO.**

A Sra. alcaldesa dá paso a este punto da orde do día e a Sra. González, en relación ao explicado pola alcaldesa sobre as mocións, di que estas non van por urxencia. A Sra. alcaldesa di que non e que foron ditaminadas polas comisións informativas.

O Sr. García le a moción:

*“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, a través do seu portavoz municipal Manu García, presenta para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte*

##### **MOCIÓN**

*Exposición de motivos:*

*Desde os anos 90 ata os nosos días, a decadencia económica e a pasividade das distintas corporacións municipais provocaron que a vila de Muros fora mudando paulatina, pero notablemente a súa fisionomía. Así, podemos comprobar como unha das principais zonas comerciais da vila pasou, en só 20 anos, de albergar todo tipo de negocios e pequenos comercios, a ser hoxe unha zona practicamente inerte comercialmente. Estamos a falar das rúas Real e Aresta, coñecidas popularmente no seu conxunto como “A calle darriba”, e na que hoxe sobreviven cada vez menos negocios, forzados pola dinámica promovida desde o Concello de mobilizar a actividade comercial cara a fachada marítima.*

*Tivo que chegar o BNG á Alcaldía do Concello de Muros para facer políticas que mudaran esta situación. A tal efecto, o goberno de Domingos Dosil apostou pola restauración da praza de Abastos e pola apertura de novos postos que serviran como dinamizadores da vida comercial da zona interior do núcleo histórico. Así, unha vez fóra o BNG da Alcaldía, o goberno local volveu a darlle as costas á “Calle darriba” e levou a cabo distintas medidas que foron pouco a pouco dinamizando a vida comercial, como a polémica rehabilitación da praza de Galicia, que imposibilita a colocación de postos ambulantes nos días de feira.*

*Este feito vén de topar o seu cumio de despropósitos co traslado da feira dos martes e venres ao paseo marítimo, privando á zona interior da vila de gozar dun tránsito de consumidores o suficientemente numeroso para que os seus negocios sexan sostibles.*

*Por todas estas razóns, desde o BNG estamos convencidos/as de que, ao igual que acontece nas vilas onde gobernamos, como Carballo, Allariz ou mesmamente, Pontevedra, é posible recuperar economicamente o núcleo histórico se levamos a cabo as políticas correctas. Polo tanto, desde o grupo municipal do BNG queremos propor ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte*

*Acordo:*

*1.- Elaborar un PLAN DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO CASCO HISTÓRICO que inclúa, entre outras, as seguintes medidas:*

a. *Peatonalización das rúas Real e Axesta, permitindo o tránsito en vehículos só a residentes e carga e descarga.*

b. *Supresión dos bolardos e dos bancos unipersoais da praza de Galiza, para recuperar a vida útil da praza.*

c. *Subvencións municipais para os alugueres de locais comerciais destas rúas.*

d. *Elaboración dunha ordenanza municipal, ou revisión da xa existente, que regule e prohíba a venda de alimentos frescos e perecedoiros en espazos exteriores, e que garanta a súa calidade e hixiene, propoñendo a praza de Abastos como único punto de venda apto para a venda ambulante destes produtos nos días de feira.*

e. *Elaboración de campañas publicitarias que conviden a residentes e visitantes a mercar no casco histórico e na praza de Abastos.*

f. *Creación dunha comisión informativa específica que faga seguimento deste plan.*

*1Esta prohibición non afecta ás zonas portuarias, por non ter competencia o Concello nelas."*

A Sra. alcaldesa dá paso ás intervencións:

O grupo popular presenta unha emenda.

A Sra. Monteagudo di que lle chama bastante a atención que despois de que no pasado Pleno o BNG dixera que as mocións do Partido Popular se quedan curtas e esta que non é que se quede curta se non que se queda curtísima.

Que polo menos eles intentan concretar as peticións e as redactan de xeito que sexan executables, que outra cousa é que o goberno local non as execute.

Que fala o BNG da dinámica promovida polo Concello de mobilizar a actividade comercial cara á fachada marítima da vila, unha dinámica iniciada polo goberno do PSOE e que o goberno de CxG continúa, trasladando os postos do mercadillos dos martes e venres ao paseo marítimo, un traslado ademais de costas á legalidade pois non teñen constancia de que este asunto fora tratado en Xunta de Goberno, o que é necesario para cambiar a situación dos postos do mercadillo.

Que o primeiro que botan en falta na moción do BNG é que non se ten en conta ás persoas afectadas para nada, que tanto falar de participación veciñal e social e despois proponse un plan no que parece que a veciñanza e titulares dos negocios do casco non teñen nada que dicir.

Por outro lado que propón un plan de dinamización económica do núcleo histórico pero despois restrinxen as actuacións unicamente á rúa Real e Axesta.

Que non lles parece acertada a proposta de subvencionar con axudas municipais o aluguer de locais comerciais das citadas rúas, porque se deixa gran parte do casco fora e porque lles parece que se pode incurrir en agravios respecto de locais doutras zonas comerciais.

Que por outra banda a venda de alimentos frescos en espazos exteriores, que suporía, probablemente, que os postos que venden produtos deste tipo deixaran de acudir ao mercado, co que se agravaría aínda máis a situación.

Que lles parece máis viable modificar a proposta do BNG coa emenda que se propón que contempla unha serie de actuacións inmediatas que se poderían executar mañá mesmo e emprazar a veciñanza, comerciantes, titulares de negocios e Concello a unha mesa de carácter específica para tratar máis a fondo estas cuestións canto antes.

Que si están de acordo coa proposta de suprimir os bolardos e bancos pero establecendo o tema de carga e descarga con límite de peso e tempo.

Que a proposta de peatonalización que lles parece ben pero que é unha realidade case existente pois poucos coches pasan e ademais debe ser consensuada coa veciñanza, comerciantes e persoas usuarias.

En relación á compañía promocional, que lles parece que un bo xeito de empezar sería ter en conta os espazos da "rúa d arriba" para as actuacións deste mesmo verán, ao igual que se programan actuacións na "Pista", co anuncio dun concerto de "jazz".

Que é verdade tamén que a colaboración dos negocios situados nesta zona sería unha axuda importante para levar a cabo este tipo de actuacións, polo que propoñen unha emenda adoptando os seguintes acordos:

“1.- *Supresión dos bolardos e dos bancos unipersonais da praza de Galicia, habilitación de espazo para carga e descarga na praza e arredores, con horario de mañá e tarde e estacionamento limitado.*

2.- *Que a Xunta de Goberno Local, órgano competente segundo o regulamento municipal de venda ambulante, inclúa como lugares destinados a postos de venda ambulante a praza de Galicia, a continuación desta cara á Axesta, e cara á rúa Real ata a praza do Cristo, e a Pescadería Vella, de tal forma que se instalen os postos que resulten máis viables por volume e ocupación.*

3.- *Que se teña en conta a opinión da veciñanza e titulares de establecementos da zona, articulando un sistema de participación para a adopción de calquera decisión que lles afecte.*

4.- *Que dado que se está a garantir espazo para estacionamento dos vehículos dos comerciantes ambulantes se instalan na Avda. de Castelao, se lles garanta ese mesmo dereito aos/ás comerciantes que se instalen nas rúas de arriba, nun lugar próximo e accesible dende os seus postos.*

5.- *Que na programación de actividades deste verán se teñan en conta os espazos da rúa de arriba, e se inclúan actuacións de lecer que atraían público cara a esta zona.*

6.- *Que se proceda á recollida do cableado “colgado” na rúa que vai dende a rúa Real á praza da Pescadería, e se dote de papeleiras a zona.”*

A Sra. González inicia a súa intervención dicindo que están sorprendidos coa moción do BNG e que a debeu facer a toda présa porque non soubo o que puxo.

Que di que desde os anos 90 ata os nosos días, a decadencia económica e a pasividade das distintas corporacións municipais provocaron que a vila de Muros fora mudando paulatina, pero notablemente a súa fisionomía. Que logo di que durante 20 anos foron abrindo comercios (que debería dicir 120 anos), albergando todo tipo de negocios. Que logo di que tivo que chegar o BNG á Alcaldía para facer políticas que mudaran e que Domingos Dosil apostou pola restauración da praza de Abastos e polos novos postos que serviran, etc.

Explica que a praza de Abastos se modificou cando gobernou o Partido Socialista e que Domingos Dosil o único que fixo foi poñer a placa pero que o mercado xa estaba funcionando. Que foron unhas subvencións da Xunta de Galicia para modificación e mellora dos cascos históricos e das antigas prazas.

Sobre a polémica rehabilitación da praza de Galicia, di que non houbo ningunha polémica, que foi algo polo que apostou o seu grupo, que cando gobernou o BNG cre que se modificou unha rúa pero non moitas máis, e que había moitas solicitudes da veciñanza de Muros para poñer pedra nas rúas.

Que na praza do Concello estase a deixar subir coches outra vez e camións pesadas que van acabar volvendo a escachar a pedra que se conseguiu poñer, entre todos e todas, coas subvencións da Xunta.

Que coas axudas de Patrimonio Histórico, que concederon unhas subvencións que había que investir na praza do Mercado e nos arredores, que se acordou rehabilitar a praza do Mercado e que se acordou rehabilitar a zona da praza, con pedra.

Que no momento que eles chegaron ao goberno, na praza do Mercado había froiteiros no mercadillo. Que o funcionamento dos mercados cambiou moito pois antes se ía ao mercado comprar a carne e o peixe e agora se compra nos supermercados porque vas co coche ata á porta. Que non é culpa de ningún grupo, de ningún partido que estivera gobernando no Concello. Que é moi difícil poñer os mercados a funcionar. Que ao Partido Socialista lles encantaría que o mercado acabara funcionando e que entre todos e todas se buscara unha fórmula. Que lle parece ben a proposta do Partido Popular de xuntar aos representantes do comercio e á veciñanza da rúa de arriba ou incluso a nivel máis amplo, para que dean opinións e ideas para dinamizar .

Que cre que non é culpa de ninguén, se non do progreso e dos cambios de hábitos, de que queremos ir á compra co coche e que queremos comprar cando podemos xa que antes as mulleres estaban na casa e agora teñen un horario para poder facer as compras. Que iso cambiou para ben pero conleva que non se vaia ao mercado pola mañá e que as amas de casa vaian facer a compra cando llo permite o seu horario de traballo.

Que todos e todas piden a supresión dos bolardos e dos bancos e que se ese é o motivo para que funcione a praza do Mercado, que se supriman pero que está claro que non é.

Que a maior parte dos e das vendedores de froita antes viñan en camionetas e trasladaban as caixas con carretillas e que agora chegan cun camiión de dous ou tres eixes e a que non deixan



dentro transpórtana en *chimpíns*, e que se acabou o de andar ao lombo coas caixas, polo tanto se poñen unha pedra diante da praza do Mercado non se van volver a meter os camións.

Que entre as incongruencias que ten a moción do BNG está primeiro "*Peatonalización das rúas Real e Axesta*". Que se se peatonaliza a rúa da Axesta os camións do mercadillo non poden pasar e que incluso os/as vendedores/as de zapatos teñen o seu camiión detrás do posto.

Que se queremos volver a poñer o mercadillo na praza do Mercado, que eles non saben quen mandou baixalo pero co que si están de acordo é con que os/as vendedores/as de froita con eses camións tan grandes non estean arriba.

Que o mercadillo empezou a medrar na parte de abaixo porque a xente pedía sitio na parte de abaixo.

Que ela non sabe se a Sra. alcaldesa dou permiso para baixar os postos, e que cando lle preguntan di que cre que a xente do mercadillo quere estar onde está o outro mercadillo porque é moito máis cómodo.

Que o Partido Popular di "*Que a Xunta de Goberno Local,... inclúa como lugares destinados a postos de venda ambulante a praza de Galicia, a continuación desta cara á Axesta, e cara a rúa Real ata a praza do Cristo, e a Pescadería Vella...*". Que non fai falta habilitalos porque esa zona xa está habilitada. E non recorda que se modificara a normativa. Que se ampliou o mercadillo, si é verdade, que se trasladou para abaixo tamén. Que hai que buscar unha fórmula para dinamizar a rúa darriba, si. Que a solución non é sacar bolardos e bancos e volver deixar poñer enriba da pedra os camións grandes.

Que lle parecería unha boa solución que cando veñan a pedir máis postos no mercadillo, se acorde adxudicarllo na parte darriba.

Que logo di o BNG "*Elaboración dunha Ordenanza Municipal...*" e que ela cre que xa a hai, e "*Elaboración de campañas...*" e que isto a ela lle parece ben.

Que non é partidaria da peatonalización de rúa darriba.

Que intentaron levar aos/ás froiteiros/as para riba pero que a zona xa non se adapta para dar volta os vehículos que teñen agora. Antes eran máis pequenos.

Que non ten fácil solución pero que a moción do BNG non ten pés nin cabeza. E que a proposta do Partido Popular a votarían a favor se nos acordos se modificara poñendo citar aos/ás comerciantes da rúa darriba e que tamén votarían a favor se incluía que os postos do mercadillo se distribuirían proporcionalmente ou adecuadamente aos lugares onde se poden colocar.

Que o BNG di "*Subvencións municipais para os alugueres de locais comerciais das citadas rúas*". Que lle parece unha aberración total.

Que non están de acordo coa moción do BNG nin coa emenda do PP. Que están de acordo que algo hai que facer pero que é inviable levar os camións da froita para riba e que camiñen por encima da pedra.

Que lles parece ben que se distribúa o mercadillo entre a rúa de arriba e a parte de abaixo de xeito proporcional e adecuado e que se fagan actividades e reunións coa veciñanza para conseguir dinamizar esa praza e toda a zona darriba.

O Sr. García di que non vai contestar a todo o que dixo a Sra. González, pero que para o PSOE a moción estaría ben se puxera: PSOE "*bien*", BNG mal, na exposición de motivos.

Ao dito pola voceira popular de que a moción se queda moi curta, di que máis xeral que "*Elaborar un PLAN DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO CASCO HISTÓRICO*" e que non sabe que poida haber que abrangue máis.

Que o BNG pide comisións de traballo para que se vaian incluíndo máis cousas e que eles poñen algunhas. Que están de acordo coa proposta do Partido Popular.

Que algunhas das propostas poden ser matizables e quedan moitas máis que incluír, como buscar unha zona de aparcamento próxima á praza, que podería facerse adquirindo a horta do Viñal, e moitas propostas máis que poderían facerse reunindo aos/ás comerciantes.

Que o plan que propoñen nacía para a dinamización da praza de Abastos e que se reuniron cos/coas comerciantes da praza e logo decidiron ampliar o plan porque entenderon que non se reducía só á dita praza se non que o problema era tamén de toda a zona darriba e que por falta de tempo lle foi imposible organizar unha reunión con todos/as os/as comerciantes. Que se quedaron curtos de tempo ao adiantar o Pleno. E que non está pechado a que unha vez se poña en marcha a elaboración do plan, se fagan máis reunións e se busquen as mellores solucións.

Que o que si lles parece é que deberían estar todos e todas de acordo, máis alá de matices e enfados, en que hai que facer algo coa rúa d arriba. Que se non se fai nada pronto é posible que acaben por pechar os comercios que quedan porque se polarizou totalmente a zona comercial na parte de abaixo que foi potenciada brutalmente coa colocación dos postos no paseo marítimo.

Que a Sra. González argumentaba que xa non se vai á praza, que se mudaron os modelos de mercado e logo dicía que os postos de alimentación son os que moven moita xente pero que non se poden meter dentro da praza porque non poden aparcar os camións. E entón se moven xente e porque se segue indo á praza de Abastos a mercar. Que a praza de Abastos de Compostela é o segundo edificio máis visitado de toda a cidade despois da catedral, e que alí non se pode aparcar. Que a praza de Noia ten sesenta e pico comerciantes e segue funcionando perfectamente.

Que no BNG cren e traballan a favor do comercio de proximidade e cren que a pesar de que algunhas dinámicas fagan preferible ir comprar a “Carrefour” ou “As Cancelas” que deben facer políticas para que a xente gaste máis no comercio de proximidade e gaste máis no noso mercado e nos nosos comercios.

Que ademais se teñen en conta que o produto que se vende no mercado ao ser fresco e de aquí, que é de máxima calidade e redundante ademais da mellora económica da vila na saúde de quen consume produtos propios e autóctonos.

Que o que pretenden coa moción é que se poña solución ao problema da morte comercial da rúa d arriba e que se poidan poñer a traballar entre todos e todas a través dunha comisión ou como se estime oportuno para elaborar un plan que recolla todas as iniciativas que se consideren apropiadas que se discutan entre todos e todas e que se prestan, unha vez máis, a traballar para o ben do pobo.

Que o de subvencionar alugueres é unha práctica que se fai en moitos sitios para potenciar zonas, non só con comercios pois tamén se fai con pisos e que non saben onde está a aberración, máis alá de que se poida estar de acordo ou non e que eles non cren que sexa unha aberración pero que se pode discutir e que non pechan as súas propostas porque saben escoitar, saben debater e saben chegar a acordos.

En canto á emenda do PP que se é motivo para que apoiem a moción que se inclúe sen problema.

Segunda rolda de intervencións:

A voceira popular explica que o que buscan coa emenda é que se executen desde mañá mesmo, que entenden que se pode facer así e que é necesario contar coa xente que ten alí negocios e establecementos. Que é evidente que precisa dun pulo esa zona, toda en xeral. Que é evidente que o mercadillo non pode estar onde lle dea a gana aos/ás vendedores/as. Que terá que estar ordenado polo Concello. Que a ela persoalmente lle parece que é un atranco para camiñar por aí abaixo.

Que a súa emenda lle parece unha postura máis razoable, mellor executable. Que son cousas que se poden facer desde mañá e que o demais entende que é o Concello o que ten que liderar o proceso xuntado a todos e todas porque todos e todas xuntos sería máis fácil facer as cousas.

A Sra. González cre que o voceiro do BNG perdeu o tempo e que ela non botou un sermón que o que fixo foi explicar o que opina o seu grupo, que teñen máis representación que o BNG no Concello de Muros. Que se se inclúen na moción as propostas que eles fixeron votarían a favor e en caso contrario van votar en contra.

Explica as súas propostas:

Reunir aos/ás comerciantes da rúa Real e da Rúa Axesta para que propoñan eles e elas as modificacións necesarias e que non se faga ningunha modificación sen falar.

Que non están de acordo na supresión dos bolardos e dos bancos porque non queren que cheguen os camións ata alí. Queren que non se deixen poñer os vehículos pesados enriba da pedra. E que se respecte a praza tal e como está.

Con respecto á formación da Comisión específica, que están convencidos de que non vale para nada, xa que se pediu cando foi da obra da piscina e non se celebrou ningunha.

Que tampouco están coas subvencións para alugueres.

Sobre as emendas que propón o Partido Socialista o Sr. García di que a primeira xa está incluída nas emendas do Partido Popular. O de suprimir a petición de retirada dos bolardos, que non teñen ningún problema en retiralo a pesar de que lles parece útil.

Explica que están dispostos a facer as modificacións que fagan falta, que lles parecían acaídas as súas propostas pero están abertos a negociarlas e debatelas. Que incluso poden cambiar a proposta de subvención e poñer valorar conceder subvencións e que quedara para debate. Que a eles si lles parece interesante e teñen argumentos para poder defender a súa moción.

Que do que se trata é que se poñan a traballar todos e todas para darlle máis vida ao concello.

A moción quedaría concretamente despois de buscar o consenso:

Modificar o punto c. e poñer valorar o outorgamento de subvencións...

Modificar o punto onde fala da retirada dos bolardos.

A Sra. González pide permiso para intervir e di que o problema non son os bolardos nin os bancos que a ela lle gustaría que non se deixaran circular camións de moito peso enriba desa zona empedrada.

A Sra. Monteagudo di que ninguén fala de meter camións de peso, que falan de postos máis viables por volume e ocupación.

O Sr. García fala de modificar o apartado a. e a Sra. González di se non sería ben tratalo coa xente da zona polo que acordan poñer previa consulta dos/as comerciantes.

Os distintos voceiros discuten o punto d. da moción do BNG, que fala de regular e prohibir a venda de alimentos frescos e perecedoiros en espazos exteriores, dicindo a Sra. Monteagudo que como se vai prohibir iso e o Sr. García di que é por cuestións de sanidade. A Sra. González di que non se pode prohibir.

Insiste o Sr. García e a Sra. Monteagudo di que os postos de alimentación son a metade do mercadillo.

O Sr. García di que se pode habilitar unha zona.

Intervén a Sra. alcaldesa dicindo que a proposta do BNG é regular e prohibir a venda de alimentos frescos e perecedoiros en espazos exteriores (o Sr. García fala de poñer *espazos exteriores non habilitados especificamente*).

O Sr. García di que o problema é que se vende sen ningún control sanitario e a Sra. Monteagudo di que si os teñen. O Sr. García insiste en que están vendendo preto dos colectores de lixo.

A Sra. Monteagudo expresa as súas dúbidas de que se poida facer. Tamén a Sra. González di que cre que non se pode prohibir.

A Sra. Monteagudo di que unha ordenanza que regule ás señoras que venden a verdura do día, que xa existe e están obrigadas a vendela dentro do mercado polo que haberá que facer cumprila.

O Sr. García pregunta por qué se obriga á señora que vende grelos e non se obriga ás demais persoas.

A Sra. González di que é distinto.

A Sra. Monteagudo argumenta que os que venden no mercadillo son empresarios que pasan os seus controis e as señoras venden os produtos da súa horta.

O Sr. García insiste en que non lle parece un sitio adecuado ao lado dos colectores.

A Sra. alcaldesa pídelles ao voceiro do BNG que concrete como quedaría a proposta.

O Sr. García propón eliminar todos os puntos, tanto os do BNG coma os do PP, e empra a todos e todas a facer unha reunión na que se acorden os puntos a aprobar.

Pregunta a Sra. Monteagudo se retira a moción e o Sr. García di que non, que tan só quedaría *“Elaborar un Plan de dinamización económica do casco histórico”*, eliminando o demais.

As voceiras socialista e popular din que o Sr. García debería ter ido a Comisión informativa ao que este contesta que non foi porque non quixera.

O Sr. García retira a moción, quedando pendente de debater entre todos e todas. E propón levala ao próximo Pleno.

A Sra. alcaldesa di que se retira a moción da orde do día e queda pendente de levar ao próximo Pleno.

## **5.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN DE MANTEMENTO DE ZONAS VERDES E PRAIAS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación do Plan de mantemento de zonas verdes e praias do ano 2016.

A Sra. alcaldesa explica que se dá cumprimento ao acordado no último Pleno.

Que o que fixeron foi plasmar o que se estaba intentando facer e di que unha cousa é que exista un plan e outra que se poida cumprir ao milímetro debido aos imprevistos.

## **6.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía núm. 280 ao 354 de 2016 e das Xuntas de Goberno Local do 13 de maio de 2016 e do 27 de maio de 2016.

### **B .-Parte de control dos órganos de goberno.**

#### **7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**

Non hai.

#### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A voceira popular pregunta:

-Se se iniciaron os trámites para baixalo IBI. Cándo se pensa empezar a tramitar o orzamento do 2016. E que antes do 1 de xuño tiña que estar a Conta Xeral 2015, se se fixo algo ao respecto.

-Se se fixo algo respecto do palco da praza do Cristo de Tal, no cemiterio da Atalaia, en relación coa dotación de aparcamentos provisionais de cara ao verán, en relación cun trazado alternativo en momentos puntuais de concentración de tráfico. Se se fixo algunha tarefa de limpeza na parroquia de Serres. Se se comprobou o tema dos vertidos en San Francisco. Se se fixo algo en relación co saneamento do Espadal e coa recollida de augas pluviais en Abelleira.

-Qué proxecto ou proxectos se pensa incluír no Plan Provincial de Medio Ambiente e que proxecto ou proxectos se solicitaron ou van solicitar con cargo ás axudas da Xunta para mercados.

-Qué pasa co tema da Mancomunidade de Augas Muros-Carnota.

-Se hai algunha novidade en relación coas alegación ao Plan de usos de portos. E se podería o Concello solicitar a retirada do cartel da obra do porto, que leva varios anos alí.

-Que se está reclamando a particulares a limpeza de fincas e se non se pode pedir que limpen as fincas do polígono.

-Que hai queixas das persoas usuarias das praias urbanas do Castelo e a Virxe, en relación coa limpeza de cacas dos cans. E que pasou coa intención de permitir unha praia para os cans. Se se vai facer algo en relación con estas praias.

-Se se vai limpar nos arredores da capela de San Roque e do Centro de Día.

-Se non se pode pedir á Deputación que limpen a estrada de Muros-Louro. Comenta que o mellor aí lle pode botar unha man o Sr. García.

-Qué pasou coa area da praia de Parameán en Esteiro. Onde foi a parar a que se está recollendo. E o pino de Somorto. E co anaco da gaiola que está alí depositado. E co bacheado do camiño que vai da Insuela a Solleiros. E co da Costa de Creo.

Respostas da Sra. alcaldesa:

-Que si se iniciaron os trámites para modificar o IBI. Que están traballando en Intervención nese tema. Tamén se está traballando na Conta Xeral do 2015.

-Sobre a pregunta de obras varias, que si se está traballando nalgunhas delas e noutras non porque non dá tempo a máis nin os recursos económicos e de persoal son suficientes para atendelas todas.

-Sobre o Plan Provincial de Medio Ambiente, explica o Sr. Quintela, que son pouca máis de trinta e nove mil euros e que a intención era actuar sobre os bombeos e haber se se pode meter a eliminación dalgún punto de vertido. Pero que a contía non cre que dea para gran cousa.

-En relación á Mancomunidade de Augas Muros-Carnota, que se solicitou informe xurídico á Deputación e reiterouse a dita solicitude por escrito e aínda non contestaron. Que a semana pasada foi a interventora en persoa para preguntar polo tema e esperan que non tarde moito pois do contrario que terán que tomar algunha resolución sen ese informe.

-Que non hai ningunha novidade en relacións ás alegacións ao plan de uso de Portos. E que solicitarán que se retire o cartel da obra do Porto xa que efectivamente leva aí varios anos.

-Que atenderán o rogo sobre a limpeza de fincas no polígono.

-Que non teñen constancia das queixas pola limpeza das praias do Castelo e a Virxe e que de feito son praias que se están limpando (a Sra. Uhía aclara que as queixas son sobre todo polas cacas de cans).

Que segue vixente a idea de permitir unha praia para os cans. Que están modificando a ordenanza que regula as praias, para incluír esa posibilidade.

-Que si se van limpar os arredores da capela de San Roque e o Centro de Día e que teñen solicitada á Deputación que limpen a estrada de Muros a Louro, a das Paxareiras e a da Silvosa en Esteiro. E tamén a das Carrilanas. Que se lle ten solicitado a limpeza de todas as estradas das que son titulares.

-Sobre a area da praia de Parameán en Esteiro, que parece ser que un traballador que estaba limpando en vez de devolver a area á praia levouna á finca dun particular. Que non tiña orde nin permiso e cando se informaron que a sacou de onde a deixara e a devolveu á praia. Que de haber consecuencias, o traballador que actuou sen orde nin permiso terá que asumir as consecuencias. Insiste en que non tiña nin orde nin permiso.

Co bacheado do camiño que vai da Insuela a Solleiros, ao igual que noutras zonas que están en demasiado mal estado como para limitarse a tapar o furado, que están pedindo orzamentos para que se arranxe o tramo completo. Que se pretende facer o mesmo que na entrada do colexio de Esteiro. Á pregunta da voceira popular, a Sra. alcaldesa contesta que no Ancoradoiro igual. E tamén na Costa de Creo.

Preguntas do grupo socialista:

A Sra. González di que en primeiro lugar queren facer preguntas sobre o Plan de limpeza, que xa a Sra. alcaldesa dixo que non vai valer para nada.

Que di o Plan que o GES vai limpar na piscina, Muros-Louro, Campo de Cortes, praia de Ventín-Abelleira, Agrovello, entre os institutos e a pista de pádel e o campo de Sestaio. Que ao final pon que o GES, non ten este cometido se non atender as urxencias. E pregunta se son conscientes de que ese plan non se pode cumprir, porque primeiro, o GES non pode dedicarse a iso e segundo, porque para que nos manteñan a subvención do GES, ten que cortar non sabe cantas hectáreas de monte do Concello polo que lle fai falta o tempo.

Que lle chama a atención que non están recollidas nese plan o mantemento de rúas e beirarrúas. Que non está recollido o mantemento de saneamento e bombeos que é importantísimo. Que tampouco veñen recollidas as peticións da veciñanza, nin o mantemento de edificios públicos, nin a atención aos colexios, nin a limpeza do parque empresarial, nin Torea.

Pregunta para que vale ese plan de limpeza.

Roga que a Sra. alcaldesa dedique un pouquiño ao persoal que ten a función de mantemento e limpeza, xa que na historia do Concello de Muros nunca tan mal estivo. Que está todo cheo de herbas, de verde, de pranchas de ferro tapando os buratos

Continúa coas preguntas:

-Qué se sabe do orzamento.

-Se segue a chover dentro da piscina.

-Cándo van poñer a funcionar os colectores soterrados de lixo. Que hai concellos que si funcionan.

-Qué pasou co conflito dos traballadores e se pagou as cotas e todo o que tiña que pagar aos traballadores.

-Se a interventora xa traballa no Concello ou segue traballando desde a casa.

-Cándo lles vai entregar os informes xurídicos que solicitaron, en concreto o informe de intervención xustificativo do abono dunha provisión de fondos.

-Cómo está o tema de Espina&Delfín e o prazo para contestar o recurso que presentou a empresa.

-Se se segue traballando con Espina&Delfín porque viron pagamentos e solicitude de orzamentos. Pregunta se ademais dos traballos do servizo de auga está facendo outro tipo de traballos.

-Qué pasa coa multa de Portos. Que a Sra. alcaldesa di que é por aparcamento e Portos di que non.

-Na relación de pagamentos que lles entregaron aparece o pago da taxa de ocupación dos espazos da zona portuaria da festa do Carme, San Roque e Castelo Rock, pregunta que pasa coa da festa de San Pedro. Se non se pediu ou non se pagou.

-Qué pasou coa area da praia e de quen era a finca a onde se levou. E que pasa co denuncia de SEAGA.

-Que no decreto da Alcaldía núm. 321/3, Ramiro Hermo Caamaño pide un permiso para cambiar a baixante e facer unhas obras de mantemento da fachada do edificio colexial de Esteiro. Que queren saber se esa persoa é algún encargado de colexio ou se o pide para el. Se é o colexio ou ese señor é o propietario do edificio.

-Sobre o decreto 338, Antonio Domingo pide obras de colocación dunha tella de fibrocemento nun garaxe sen aumento de volume pero a cuberta sempre leva aumento de volume. Se o permiso se deu sen aumento de volume e se hai un informe do técnico (a Sra. alcaldesa di que si) e se o informe di que cubrir un garaxe con tella de fibrocemento non é un aumento de volume.

-Que houbo unha obra en Muros que tivo moito éxito que era do EROSKI e que entenderon que a maior parte da obra a pagaba EROSKI e que se encontran, por un lado, con mil oitocentos euros para esa obra e por outro con mil catrocentos cincuenta e dous, co cal lles parecen moitos cartos para pagar unha obra de teatro que subvencionou o EROSKI. Pregunta se iso é así.

-Que hai unha factura de Enrique con H, de honorarios dun recurso de casación. Queren saber en que recurso de casación se persoou o Concello. Que a factura é do mes de abril e que hai outra factura do mesmo mes polo que cobrou en abril cinco mil e pico de euros ao asesor da Sra. alcaldesa.

-Sobre o cobro de COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, por instalación do poste obxecto dun accidente de vehículo. Por qué o pagamos nós. Se é noso o vehículo que lle deu o golpe.

-Sobre o pagamento á asociación ANAJATA por unha caseta. Se é unha doazón do Concello ou temos un problema cos cans e non o damos solucionado. Se vale para solucionar o dos cans tamén.

-Que hai un montón de pagos a ESPINA&DELFIN. Queren saber de que son.

-Sobre unhas facturas da LA VOZ DE GALICIA e TV da Mancomunidade do Salnés e Corporación Voz de Galicia, que a Sra. alcaldesa dixo que non tiña asinado nada con eles. Pregunta de cándo son.

A Sra. Maneiro pregunta:

-Sobre unha fochanca que hai na saída da estrada do Convento, pregunta por qué non se arranxou.

-Roga que pasen a recoller o que está apañando a veciñanza na parroquia de Louro. Que se non se pode apañar que polo menos recollan o que está apañado.

-Que no paseo de Louro, onde remata a pedra e empeza a madeira, fronte á casa de Carracedo, que hai catro ou cinco taboleiros que se moven. Que está xusto fronte a un paso de peóns.

-Que nos dous parques da praia de San Francisco, a xente quéixase das cacas dos cans.

-Se se poden podar as árbores do colexio de Louro, xa que están moi altos.

-Se se pode bachear o cacho de estrada que vai xusto diante do cole de Louro.

-Que lle pregunta a veciñanza quen deu permiso para poñer catro *resaltos* enormes na estrada da igrexa e se teñen que ser tan altos.

Contesta a Sra. alcaldesa:

-Con respecto ao plan de mantemento que é o que se solicitou no Pleno anterior, limpeza de espazos verdes e praias. Que por iso non recolle os traballos dos edificios públicos.

-Sobre os comentarios sobre o GES, que efectivamente ten razón a voceira socialista, pero que xa está recollido no propio plan.

A Sra. alcaldesa le textualmente: "*O GES evidentemente, priorizará a atención ás emerxencias e aos traballos de prevención. Unha vez atendido isto colaborará na limpeza de determinadas áreas*". Que o GES ten moi claro cales son as súas prioridades. Que se lle queda tempo colaborará coa limpeza doutros espazos e que por certo xa se viña facendo así.

En canto a Torea, que a voceira socialista mirou mal porque si está. Que está en parques infantís e camiños. Que non está no apartado de praias.

-Sobre o orzamento de 2016, que están traballando nel.

-Que non teñen constancia de que chova dentro da piscina.

-Que a interventora traballa no Concello.

-Que a Espina&Delfín se lle solicitaron orzamentos para traballos de reparación nalgún pozo de bombeo pero que non se lle adxudicou porque había outra proposta máis vantaxosa.

-Sobre a licenza de obras nun tellado, que hai informe técnico porque o hai en todas e ten que ser favorable xa que só se están dando licenzas a obras que teñen informe favorable (a Sra. González pide o informe).

-Sobre a obra de teatro que efectivamente foi financiada por EROSKI, nunha parte pero que o Concello fixo fronte a unha parte que puideron ser tres mil e pico de euros. Que era o estreo da obra e que serviu para promover Muros.

-Que mirará cal é ese recurso de casación e que a voceira socialista fala doutra factura do seu asesor e que non ten ningún. Que hai unha persoa que atende a defensa do Concello nos procesos xudiciais.

A Sra. González di que cobrou cinco mil e pico euros ao mes e a Sra. alcaldesa pídelle que non interrompa e advírtea por primeira vez.

A Sra. alcaldesa insiste en que non hai ningunha persoa no Concello que cobre por asesoría. Que na pasada lexislatura si había dous asesores e aparte cobraban pola defensa xurídica.

-Sobre a factura do poste instalado por COBRA, que non sabe exactamente que factura é e que a mirará.

-Sobre a caseta de ANAJATA, que é unha colaboración do Concello coa asociación e que a caseta é para gatos e non para cans polo que non vai resolver o problema cos cans. Que tampouco saben se se van resolver os problemas cos gatos pero que hai que intentalo.

-Sobre as facturas que se pagaron á Voz de Galicia e ao Salnés que son facturas que se encontraron no Concello que non son por nada que lle encargara o goberno municipal. Que non fixeron ningún convenio con ningún medio de comunicación polo de agora.

-Que hai fochancas nun montón de sitios e que tan pronto poida a brigada que se irán reparando. Que houbo varios eventos que fixo que estiveran ocupados pero que van seguir tamén coa limpeza, tanto en Louro como nos demais sitios.

-Que anota a poda das árbores do colexio de Louro.

-O Sr. Quintela explica sobre os *resaltos* da igrexa de Louro que os fixo o construtor da ampliación do cemiterio de Louro e que a súa conclusión é que non contaba con permiso. Que falou co servizo de vías da Deputación e que cando estivo pediulle que pasara co coche, (que el antes xa pasara e tocou) e concluíu que os había que sacar. Que xa os vira noutra ocasión e xa tiña un informe feito sobre eles e estaba pendente de que o enxeñeiro da Deputación emitira o seu sobre o cumprimento da normativa e da legalidade, Que con posterioridade lle dixeron que ían mandar retiralos e que xa están retirados. Que deixou mal o firme ao retiralos pero que a vía é da Deputación e están en contacto con eles e que lle dixeron que o ten que arranxar o construtor. Que de momento non lle van devolver o aval que ten depositado.

A Sra. alcaldesa dá paso ás preguntas do BNG e a Sra. González di que non lle contestou á pregunta sobre Espina&Delfín.

A Sra. alcaldesa di que xa lle contestou ao PP e que di o mesmo, que están esperando o informe que lle pediron á Deputación e que van esperar só esta semana.

A Sra. González pide que lle conteste á pregunta sobre a multa de Portos e a Sra. alcaldesa explica que esa multa está recorrida e non teñen contestación e que era pola utilización do espigón como aparcamento.

Pide tamén a voceira socialista que lle conteste á pregunta de por qué non se pagou o permiso de San Pedro e a Sra. alcaldesa contesta que non sabe e que o vai mirar.

Preguntas do BNG:

-Que a súa primeira pregunta era sobre a area da praia de Parameán e que xa está contestada.

-Que levan reclamando un Plan de mantemento xeral desde hai tempo e que se alegra de que en resposta a unha petición do PP estea feito o Plan de mantemento de espazos verdes e praias pero que non lle vale escusa de que non se pode cumprir ao pé da letra porque está posto por intervencións mensuais e entenden que nalgún día do mes se poderá facer. Que aínda que xa están na metade do ano, se empezan a cumprilo a partir de agora que tamén vale.

Pregunta por zonas que non están engadidas, se se van engadir ou está previsto outro plan. Fala da horta do Chalón, palmeiras de Miraflores xunto ao pavillón, as rutas dos muíños e sendas fluviais, sendas dos petróglifos e o xardín de Soborribos.

-Se hai novidades na instalación dun repetidor de televisión na zona de Santa Catalina.

-Se hai novidades nas conversas con Telefónica para dotar de ADSL ás parroquia de Abelleira e Torea.

-Se hai novidades sobre o tema da illa da Creba.

-Se se solucionou o problema do bombeo de San Francisco.

-Que por medio das redes sociais lles preguntaban por qué só se limpan as vías do casco urbano e non todas as parroquias. Se se ten previsto ampliar o servizo de limpeza das rúas para que se atendan igual a todas.

-Tamén lle preguntaban pola solicitude de pintar unha liña amarela en Louro, na zona detrás de García pois cando hai coches aparcados non circulan ben os vehículos e se ten que pasar unha ambulancia, non podería pasar.

Que hai unha solicitude presentada e non obtiveron contestación.

O voceiro do BNG di que quere facer os seguintes rogos:

-Sobre os cans nos areas, que piden que se elimine o regulamento. Que os cans non son o problema. Que son os donos. Na praia, no paseo marítimo en todos os lados. Que son as persoas as que se teñen que responsabilizar de que non queden restos e de que non molesten.

Que hai que controlar aos/ás propietarios/as dos cans.

-Que se roce e teña ben atendido as zonas do "Camiño Inglés", que se está recuperando e pode ser interesante para o Concello. Especialmente no tramo de Bornalle que está intransitable.

-Sobre o dito no Pleno anterior que falaban de habilitar zonas de aparcamento próximas a onde se está aparcando na beirarrúa, como por exemplo na zona da Acea, que non se lle contestara e volven preguntar se existe a posibilidade de mercar algún terreo próximo para eliminar eses vehículos que molestan tanto ao tránsito rodado como ás persoas que pasan por alí.

Respostas da Sra. alcaldesa:

-Que é distinto facer un Plan de mantemento xeral que un Plan de limpeza de espazos verdes e praias e que o farán cando poidan. Que o de limpeza xa estaba practicamente feito e o plan xeral é máis complicado facelo.

Que efectivamente faltan zonas e que as incorporarán.

-Sobre o ADSL en Abelleira que non hai novidades.

-Sobre a illa da Creba que non souberon máis nada e que estaba Costas enriba do tema.

-En relación ao bombeo de San Francisco, o Sr. Quintela explica que o problema puntual que menciona o voceiro do BNG, está solucionado. Que había un pequeno atasco nas tubarías de impulsión polo que no era capaz de alcanzar a cota de descargue.



Que a maiores as bombas sofren desgaste pola elevada cantidade de areas que chega. Que incluso chegan pedras do tamaño da súa man. Que hai un foso previo para acumular esas areas de ao redor de dous metros de profundidade e estaba cheo de sedimentos.

Que se solucionou puntualmente e están pedidos os orzamentos para a substitución das turbinas para conseguir aumentar o caudal de descargue.

O voceiro do BNG di que é moi importante este tema, sobre todo nesta época e que o pasado verán xa houbera problemas que incluso os sufriron os do bar San Francisco.

O Sr. Quintela di que o problema do bar San Francisco é polo cheiro polo que van probar cun desodorizante.

-Sobre o "Camiño Inglés" a Sra. alcaldesa di que se está facendo unha especial atención a ese camiño e que é verdade que falta esa parte de Bornalle.

-Sobre habilitar zonas de aparcamento na Acea que non ve que por alí haxa ningún terreo que se poida alugar ou comprar e o Sra. García di que hai varios.

-Sobre a liña amarela detrás de García en Louro, o Sr. Quintela di que si ten coñecemento da solicitude pero que o solicitante ten saída e en principio non se vai actuar aí.

-A Sra. alcaldesa di que sobre o tema dos cans que ten razón o voceiro do BNG pero que van empezar habilitando un par de praias para ver como funciona e que hai que apelar á concenciación da xente ao igual que noutros moitos temas.

Antes do remate da sesión a Sra. alcaldesa aproveita para invitar a toda a corporación a participar nas festas de San Pedro e "Muros Mira ao Mar". E que tamén o fai extensivo a todos os actos que teñen organizado os distintos colectivos.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos. Dou fe.